



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 5 DE MARZO DE 2012.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

#### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

#### **AUSENTES :**

-----  
**Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11,00 horas do día 5 de marzo de 2012 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



Con carácter previo ao inicio da sesión o Sr. Fírvida (BNG) solicita intervir para facer un matiz sobre o tema do Regulamento Orgánico Municipal. Defende que como representantes dos cidadáns teñen dereito a falar e a expoñer as súas posturas respectando o dereito do alcalde a dirixir e organizar os plenos. Defende a dignidade do pleno como órgano soberano de representación democrática dos cidadáns e o uso do sentido común para o funcionamento do mesmo.

O alcalde asume completamente a formulación feita polo voceiro do BNG sinalando que con orde e sentido común no debate bastaría para a regulación das sesións.

### **PARTE RESOLUTIVA:**

#### **1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

O Sr. Fírvida (BNG) anuncia a abstención do seu grupo porque non estiveron presente na totalidade da sesión.

O PSdeG-PSOE e PP votan a favor, quedando aprobada a acta do pleno do día 11 de xaneiro de 2012.

#### **2- ACTUALIZACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL**

O alcalde explica que a solicitude da Xunta de Galicia ha de renovarse a composición da Xunta local de Protección Civil, e que os encargados deste servizo fan unha proposta que é a que se presenta a votación.

A Sra. González (BNG) sinala que dende o ano 2007 ata hoxe non tivemos noticias do servizo de Protección Civil e queren saber se se creou administrativamente ou non. Municipalizouse o servizo con documentación escasa; o BNG reclamou transparencia na documentación e o grupo de goberno nunca a facilitou. O BNG respecta e recoñece a labor de Protección Civil, pero apoia a comarcalización dun parque de bombeiros, sinala que a lingua propia de Galicia é o galego e denuncia o feito de que se entregara unha proposta redactada en castelán. O BNG pregúntase tamén quen é o concelleiro responsable de Protección Civil; se a asistencia a esas xuntas vai ser ou non remunerada, e pregúntase tamén cal foi a repercusión económica da municipalización do servizo.

A Sra. Morenza (PSOE) denuncia as queixas de veciños por un motor hidráulico que se acende ás 8 da mañá facendo ruído; tamén sinala o inadecuado estacionamento do camión fronte a saída de



emerxencia do Filomena Dato.

Pola Presidencia respóndese que se está expondo o cambio de localización do local de Protección Civil. Suxerirase o cambio de horario de acendido do motor, pero entende que o servizo terá que estar preparado para facer unha saída de emerxencia en calquera momento.

Sinala que no ano 2007 creouse o servizo municipal con dúas persoas adscritas. Lembra que o ter menos de 30.000 habitantes a competencia en materia de bombeiro é da Xunta de Galicia, aínda que se está a ver a posibilidade dun convenio coa periferia de Ourense.

A transparencia e a eficacia creemos que é total e estamos orgullosos da Protección Civil e que as dúas persoas contratadas fano dun modo sobresaínte e temos recibido dende a Xunta e dende a Subdelegación do Goberno felicitacións pola súa labor.

A Sra. González (BNG), no ano 2007 o BNG xa dixo o que pensaba na prema da creación do servizo de Protección Civil: tratábase de dar un posto de traballo a dúas persoas que mantiñan relación co PP. O tempo deunos a razón.

Preguntan quen é o concelleiro responsable porque están chegando queixas de xente que a botan a través dun correo electrónico.

O alcalde resposta: os traballadores entraron por concurso de méritos e saben vostedes que son os que máis méritos tiñan, xa que eles mesmos crearon esa agrupación.

Intervén o tenente de alcalde, explicando o tema dos voluntarios. Fíxose unha reunión no que se acordou pola agrupación de voluntarios que os que non cumprían as horas mínimas esixidas segundo o regulamento serían avisados de que tiñan que facelas, porque se estaba pagando un seguro por eles. Avisóuselles aos interesados de que non cumprían as horas e de que tiñan que facelas e parece que nun ano so foron unha vez.

Pola presidencia sinalase que se solicitará a elaboración sobre este tema.

A Sra. Morenza (PSOE) pregunta se vaise facer unha solicitude de GRUMIR para Barbadás, tamén pregunta se cando a nosa Protección Civil participa noutros concellos cobra, e se pregunta porque o alcalde non sabe nada dos problemas internos de Protección Civil cando nós si temos coñecemento deles.

A Sra. González (BNG) di que o grupo do BNG confórmase co informe de Protección Civil e solicita que se lles faga chegar dito informe.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando cos votos a favor do PP e as abstención do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: “**Actualización da composición da Xunta Local de Protección**



**Civil de Barbadás**, do seguinte xeito:

- Presidente: D. José Manuel Freire Couto
- Secretario: D.<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández
- Representante da Xunta: D. Jorge Llorente Vázquez
- Xefe da Policía Local: D. Juan Fernando Freire Gallego
- Xefe da Agrupación de Voluntario: D. José Cuiñas Conde
- Técnicos municipais:
  - Medio Ambiente: D. José Antonio Do Olmo Congil
  - Obras e Servizos: D. Emilio Román Pérez
  - Servizos Sociais: D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez Cañas
  - Protección civil: D. Daniel Rey López

### **3- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BARBADÁS**

A Sra. González (BNG) sinala que dende o principio a Escola Infantil foi un fracaso económico (porque finalmente se rescindiu a concesión), é un fracaso social porque non da cobertura ás necesidades dos habitantes. O BNG alégrase de recuperar o control da Escola Infantil pero botan en falta os informes económicos que solicitaron e que non están no expediente. Queren saber os custes de persoal, e se ese persoal que entrou con unha empresa privada logo se converterá en indefinido. ¿En que partida económica vaise incluír? ¿Van a subir as taxas para compensar desfase económico?

A situación é a seguinte: gardería que nace por un convenio no que se privatizan os beneficios e solicializan as perdas. ¿Canto nos vai custar á cidadanía ese desfase?.

A falla de xestión ven porque se negaron a unha Galescola. Isto foi un fracos na súa xestión política Sr. alcalde.

No artigo 7 elimínase a figura do xerente pero en realidade so se cambia de nome. ¿Quen asumirá esas funcións? ¿Como se vai a elixir o candidato e baixo que procedemento? ¿Que incremento de soldo vai a ter polas súas responsabilidades?.

O BNG propón outra vez a presenza dun pai/nai na comisión de baremación.

A continuación éntrase nun debate sobre o número de prazas que se incrementan e o número de



unidades, e ante a falta dos informes económico e o resume explicativo das modificacións efectuadas no regulamento o BNG solicita deixar o asunto sobre a mesa, ao que o alcalde resposta afirmativamente.

Polo tanto este punto retírase da orde do día e será debatido no Pleno extraordinario urxente a celebrar o xoves 8 de marzo ás 13:30 horas

#### **4- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BARBADÁS E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DESTE SERVIZO**

A Sra. González (BNG) afirma a negligencia da concelleira responsable. Das taxas, o PP non se esquece, pero non se preocupan de pensar como gobernar facilitando a conciliación da vida familiar e laboral ou de dar solucións para persoas que están no paro. Soamente soben as taxas as economías mermadas pola crise, creada pola banca e apoiada en ideoloxías liberais do PP.

O alcalde resposta: vostedes votaron os orzamentos do PSOE de Zapatero e arruinaron o País.

Ánxela continúa a súa intervención sinalando que a unha familia con dous fillos que necesiten o servizo de Bos días Cole e dúas actividades extraescolares á semana, hoxe cústalle 540€ ao ano, e o ano pasado eran 107€, polo tanto a suba é do 400%. Estas taxas seguen sen facer discriminación entre os censados e non censados e segundo o informe de Secretaría poderíase baixo a configuración como prezo público facerse esta discriminación.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) sinala: o seu goberno é antiveciñal; é unha afronta á cidadanía, repercute sobre as familias unha decisión técnica e economicista que supón unha suba do 85% respecto ao actual. Estase ensañando coa cidadanía sr. Alcalde. Agora pagarán 120€ ao ano. Vostedes gobernan ao ditado dos técnicos, vostede é un exemplo de falta de planificación e mala xestión, e sen ir máis lonxe vémolos no ruinoso negocio que fixo o Concello co bus eléctrico. Os veciños afogan porque é a sexta vez que se sobe unha taxa: lixo, actividades extraescolares, hostaleiros... etc.

Pola Presidencia respóndese que hai que ter en conta que estamos a falar de servizos non obrigatorios, e estes ou son sostibles ou non son sostibles. Non fagan demagogia porque vostedes saben que os servizos teñen que tender o autofinanciamento.

Na Escola de Música vaise recadar so unha cuarta parte do que custa, e mentres houbo un contexto económico saneado, aquí foron practicamente gratis os servizos para os veciños; agora debido á



conxuntura de caos no País, os veciños teñen que colaborar no financiamento deses custes dos servizos que non son obrigatorios. Ademais vostedes saben, por outros municipios nos que gobernan os seus partidos, que o sistema de “gratis total” non funciona. Isto é un servizo voluntario, e noutros sitios custa moito máis. Se non os podemos manter hai que pechalos. Este Concello non ten apenas débeda e iso conséguese intentado manter os servizos.

A Sra. González, o BNG sempre mantivo o sistema de os tramos de renda. Teñen as adicacións exclusivas que custan cartos aos cidadáns e non aportan ningunha solución para as persoas que non teñen traballo. Os soldos son para idear novas formas de gobernar. Anuncia que o seu grupo presentará alegacións.

O Sr. Valcárcel di que gobernar supón planificar e ter en conta as épocas boas e as malas. Nunca calcularon os custos nin os axustaron ao custe real, e agora coa crise aproveita para subir as taxas. Agora temos un incremento dun 85% e sería mellor haber planificado e haber realizado unha subida gradual cando existía mal gasto neste Concello.

Pola Presidencia respóndese que mentres puidemos non lle repercutimos eses gastos aos veciños, pero agora vémonos obrigados a actualizar este custos. O noso goberno sempre lle deu prioridade aos servizos públicos que teñen un carácter social.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando cos votos a favor do PP e os votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza reguladora do funcionamento da Escola de Música Municipal de Barbadás e da Taxa pola prestación deste servizo.**

### **5.- MOCIÓNS :**

#### **A- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS MEDIDAS DE ACOLLEMENTO E INCLUSIÓN PARA A INSERCIÓN SOCIAL DOS PACIENTES TRASLADADOS DE TOÉN A PIÑOR**

O Sr. Fírvida (BNG) procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O recente traslado dos pacientes con enfermidades mentais ubicados no Sanatorio de Toén ao Hospital de Piñor supón que estes deban habituarse a un novo medio físico e social diferente ao habitual ate este momento.



Persoas que, durante o seu internamento en Toén, facían unha vida normalizada no pobo de Moreiras, foron trasladado a un novo hospital ubicado nun entorno novo e descoñecido para eles/as o que pode supor un cambio radical de rutinas e hábitos coa conseguinte desorientación persoal que, segundo os casos, podería implicar dificultades relacionais ou doutro tipo.

Por outra banda, debemos ter en conta o feito constatado de que o descoñecemento dunha situación como a descrita pode levar a xerar desconfianza e medo o que sen lugar a dúbidas pode pór a defensiva aos propios veciños/as de Parada e de Piñor o que dificultaría unha convivencia beneficiosa, positiva, integradora e facilitadora da normalización da situación.

Desde o grupo municipal do BNG consideramos que o fin que se debe perseguir é que os novos pacientes cheguen a normalizar a súa vida no entorno social e físico no que van a vivir si ben consideramos que para que isto sexa posible, é necesaria que desde o Concello se xestione a oportuna intervención especializada para facilitar a adaptación por ambas partes a nova situación.

Por outra banda, é preciso que as persoas trasladadas coñezan o novo espazo físico no que van a desenvolver a súa vida, os servizos cos que poden contar nas horas nas que saen do hospital, como chegar aos lugares, etc.

Por outra banda, é preciso, que os veciños e veciñas da zona estean informados/as dos horarios nos que saen, dos seus hábitos, das posibles necesidades que se lles poden presentar e mesmo de como deben reaccionar ante posibles crisis que se poidan producir como consecuencia da enfermidade.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción dos seguintes

### ACORDOS

- Que se elabore un protocolo de actuación desde os servizos sociais do Concello coa finalidade de pór en marcha un programa de acollida e inserción social das persoas trasladadas
- Que se facilite información por parte dos organismos correspondentes aos veciños e veciñas coa finalidade de eliminar posibles prexuízos por descoñecimento da situación e de facilitar a inserción social e convivencia positiva deste colectivo nos pobos de Parada e Piñor.
- Que se realice un seguimento na execución deste programa co fin de melloralo en caos necesario e ofrecer resposta a posibles situacións non previstas.

Explica o voceiro que o traslado dos pacientes provoca unha certa desorientación neles e como consecuencia téñense producido situacións nas que por exemplo entran nas casas do veciños, etc...



Por todo isto reitérase na solicitude de acordo sobre os puntos sinalados na moción.

Pola presidencia faise un inciso para recordar as regras do debate nas mocións recordando que o presentante da moción por lóxica é o que debe facer unha intervención máis extensa, e os representantes dos restantes grupos deben procurar non excederse nos tempos de réplica.

A Sra. Morenza (PSOE) entende que debeu haber unha previsión do SERGAS ou do Concello e deberíanse haber tomado medidas antes.

Pola presidencia respóndese felicitando ao BNG pola presentación desta moción, aínda que xa tivo esta alcaldía unha conversa coa directora do SERGAS e este grupo de goberno xa estaba traballando no tema. De feito deberon xa adoptar algunha medida porque os pacientes están saíndo acompañados.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

- **Que se elabore un protocolo de actuación desde os servizos sociais do Concello coa finalidade de pór en marcha un programa de acollida e inserción social das persoas trasladadas**
- **Que se facilite información por parte dos organismos correspondentes aos veciños e veciñas coa finalidade de eliminar posibles prexuízos por descoñecemento da situación e de facilitar a inserción social e convivencia positiva deste colectivo nos pobos de Parada e Piñor.**
- **Que se realice un seguimento na execución deste programa co fin de melloralo en caos necesario e ofrecer resposta a posibles situacións non previstas. “**

### **B- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE CO OBXECTO DE QUE AS ENTIDADES BANCARIAS PAGUEN UNHA TAXA POR DISPOR DE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS NA VÍA PÚBLICA**

Polo Sr. Valcárcel procédese á lectura e defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As consecuencias máis graves da actual crise económica repercuten directamente na calidade de vida dos nosos convenciños e conveciñas, traducíndose fundamentalmente en desemprego e precariedade laboral, pero tamén afectando a servizos públicos esenciais como son a sanidade, a dependencia e a educación.

A situación económica é o parapeto no que se escuda e ampara o PP de Barbadás par a implantar unha política de incrementos de impostos e taxas para todos os veciños e veciñas e tamén para os





empresarios.

Unhas subas que no Grupo Municipal Socialista consideramos que non se axustan á realidade das circunstancias persoais e familiares do conxunto da veciñanza, xa que prexudican craramente a aquelas persoas e colectivos con menos recursos e non propician a creación de emprego

Ata o de agora o goberno municipal do PP caracterizouse, nestos últimos nove meses, por subir as taxas municipais dun xeito desorbitado.

O servizo de recollida de lixo tivo un incremento do 90% para a maior parte da veciñanza do concello e para os comerciantes. Pero para o sector da hostalería esta suba representa un 150%.

As taxas das Escolas Deportivas experimentaron un aumento superior ó 60% e o servizo “Bos días cole” tamén sufriu modificacións importantísimas o pasar de ser gratuito a costar 10€ mensuais.

Non podemos esquecer que as actividades extraescolares (informática, pintura, baloncesto, teatro, xadrez, etc) deixaron de ser gratuítas para teren un custo de 45 € anuais.

Os Socialistas de Barbadás queremos pór o noso grao de area para que dentro do noso ámbito municipal tamén coticen e aporten aquelas entidades que tendo recursos, obteñen beneficios polo uso dun dominio público.

É chegado o momento de que os custos da crise tamén repercutan en aqueles sectores que menos a sofren e que tamén desempeñan a súa actividade no ámbito territorial de Barbadás. Estamos a falar do sector bancario, que ademais é un dos causantes da actual situación económica.

No PSdeG estamos convencidos de que é de xustiza que as entidades bancarias que utilizan os caixeiros automáticos ó carón da vía pública para desenvolver a súa actividade comercial deben pagar polo uso do dominio público do mesmo do xeito que tributan outras empresas que fan uso do citado dominio.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Establecer unha taxa de 8€/día ás entidades bancarias por cada caixeiro automático que estea situado na fachada do edificio, é decir, aqueles instalados na vía pública.

Continúa o voceiro sinalando que pleno tras pleno anúncianse novas taxas ou subas. O PP castiga aos veciños; non pensa en novas taxas innovadoras. Vostedes cobran por xestionar e por ter iniciativas innovadoras; non poden pagar sempre os mesmos.

A taxa que propoñemos foi declarada constitucional no ano 2009, e moitos concellos xa están



adoptándoa. Trátase de evitar o agravio comparativo cos hostaleiros, que estes crean emprego mentres os caixeiros automáticos o destrúen. Esta taxa suporía uns 11.500 € de recadación adicional que habería evitado por exemplo a suba da taxa da Escola de Música.

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta que o seu grupo está a favor da dita taxa, pero pregúntase o por que dos 8 € ao día. Entende que haberá que buscar un criterio ou técnico, ou de consenso. Lembra que foi el mesmo quen deu esta idea no debate dos orzamentos, critica a limitación do número de mocións a presentar no pleno que se non existise podería dar lugar a debates de temas interesantes e de actualidade. Finalmente reivindica un respecto institucional ao traballo da oposición.

Pola presidencia respóndese: a pesar de que nos achacan continuamente comportamentos antidemocráticos, demostramos que cando as ideas son boas e coherentes aceptámolas. Entendemos que esta taxa é interesante pero que respecto á contía haberá que facer un estudio da media dos concellos de análogas circunstancias. Polo tanto solicita a retirada da contía dos 8€/día o cal acepta o voceiro presentante.

O Sr. Valcárcel responde ao Sr. Fírvida: non recordo se vostede fixo ou non o comentario desta taxa no debate orzamentario. O noso grupo recolle a idea do Concello de Ribadavia e por iso non manifestamos deslealdade institucional.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:

**“ establecer unha taxa de x€/días ás entidades bancarias por cada caixeiro automático que estea situado na fachada do edificio, e dicir, aqueles instalados na vía pública. A contía diaria sinalarase mediante un estudio da media dos concello de análogas circunstancias”**

### **C.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE SUBSANEN AS DEFICIENCIAS TÉCNICAS QUE EXISTEN NO CAMPO DE FÚTBOL DOS CARRÍS (A VALENZÁ)**

A Sra. Morenza procede á lectura da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O campo de fútbol dos Carrís é un punto de referencia nas infraestructuras deportivas da comarca. Este feito é innegable, pero existen unha serie de “deficiencias” técnicas que fan que as instalacións non sexan todo o modernas e cómodas que se esperaría dun campo que hai uns meses foi reformado.

Unha das deficiencias refírese ós graderíos e escaleiras das instalacións deportivas, posto que **as barandillas de protección non están debidamente protexidas ante o risco de caída de persoas**



**ou obxectos.** Bótase de menos ademais un pasamáns durante o itinerario do graderío para facilitar o acceso cómodo dos espectadores. Resulta sorprendente que despois dun investimento de 261.000 euros non se tivera en conta a necesidade que existe de facer máis accesible a subida e baixada dos usuarios ás gradas mediante unha **barandilla**.

A normativa establece neste sentido que as características constructivas que en calquera zona de edificios de pública concorrencia, as **barreiras de protección** estarán deseñadas para que non poidan ser facilmente escaladas polos nenos, algo que segundo os informes técnicos que manexamos non ocorre.

Outro aspecto sobre o que queremos chamar a atención dende o Grupo Municipal Socialista pasa porque **nos aseos e na cafetería das instalacións deportivas non existen luces de emerxencia, indicativos de saída nin extintores portátiles**. Todos coñecemos que en moitas épocas do ano a maioría das actividades deportivas desenrólanse á luz do día, pero en inverno fanse ben entrada a noite.

Novamente recorremos á **normativa** para indicar que cando a actividade se desenrole con un baixo nivel de iluminación (en inverno, por exemplo), dispórase dunha **iluminación de balizamento nas rampas e en cada un dos peldaños das escaleiras**. No que respecta ós **extintores**, o emprazamento establécese cada 15 metros e deben estar visibles e accesibles. Esto non ocorre na totalidade das instalacións do campo de fútbol porque a simple vista non se ven os extintores, que teñen que estar situados próximos ós puntos onde se estime que existe unha maior probabilidade de iniciarse o incendio.

A simple vista tampouco se percibe na zona de graderíos, accesos e cafetería do edificio deportivo ningún medio de protección de incendios manual nin sinalización algunha. Sería preciso instalar bocas de incendios se se considera todo o complexo deportivo e unha instalación de detección de incendios con alarma. En lugares de pública concorrencia a lexislación establece que se colocarán **bocas de incendios equipadas** se a superficie construída excede de 500 metros cadrados. E se supera os 1.000 metros cadrados colocárase unha instalación de detección e alarma de incendios, mentras que os medios de protección contra incendios de utilización manual deberán sinalizarse con sinais visibles.

No Grupo Socialista non queremos perder de vista tampouco aspectos como a **rampa de acceso peonil ás instalacións deportivas** porque cando a pendente sexa maior ou igual ó 6 por cento, disporán duns **pasamáns** continuos polo menos dun lado.

Asimesmo, os accesos e prazas de aparcamento, aseos, cafetería e os graderíos presentan



**deficiencias ou non están adaptados á normativa de accesibilidade actual.** As prazas de aparcamento deben de estar comunicadas con un itinerario de peóns. Pola súa banda o itinerario accesible entre áreas de uso público deberá contar con rampas ou outro elemento mecánico de elevación accesible e utilizable por persoas con mobilidade reducida.

A normativa é moi clara: nos establecementos e recintos nos que se desenrolen acontecementos deportivos e culturais disporán de **espacios reservados de uso preferente para persoas con mobilidade reducida e deficiencias sensoriais**. O número a reservar oscila entre 1 praza ata 100 espectadores e 10 prazas para máis de 10.000 espectadores. O aforo dos graderíos do campo dos Carrís é de 550 espectadores. E na cafetería e graderíos existirá un **itinerario accesible cos elementos comúns e coa vía pública**.

A situación de risco na que se atopa a zona deportiva fai necesaria a instalación dun **pararraios**, posto que o campo de fútbol atópase nunha ubicación bordeada por foresta. No acabamos de entender porqué no proxecto técnico se desbotou a instalación dun pararraios, sen ter en conta a **acumulación de persoas** non só, e fundamentalmente durante a fin de semana, senón tamén, a diario. Cae dentro do previsible que nunha zona con masa arbórea ó arredor se produza unha tormenta repentina e caia un raio.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

\_ Que se subsanen as deficiencias técnicas que existen no campo de fútbol do Carrís. Dende o Grupo Socialista enumeramos as máis salientables:

- 1- Instalar **iluminación de balizamento** nas rampas e en cada un dos peldaños das escaleiras.
- 2- Mellorar a sinalización e visibilidade de **extintores** e aumentar o seu número se é o caso.
- 3- Revisar a existencia de lucos de emerxencia, indicativos de saída e extintores portátiles nos aseos e na cafetería.
- 4- Facer as comprobacións técnicas precisas para ver se as barreiras de protección poden ser facilmente escaladas polos nenos/as.
- 5- Comprobar se as **barandillas de protección** están debidamente protexidas ante o risco de caída de persoas ou obxectos.
- 6- **Instalar un pasamáns durante o itinerario do graderío para facilitar o acceso cómodo dos espectadores.**
- 7- Subsanan as carencias no que se refire **ó cumprimento da normativa de accesibilidade actual**.



- 8- Realizar unha adaptación das instalacións para dispor de espazos reservados de uso preferente para persoas con mobilidade reducida e deficiencias sensoriais.
- 9- Instalar un **pararaíos**, tendo en conta que o campo de fútbol se atopa bordeado de foresta.
- 10- Adaptar o acceso ó campo de fútbol da rampa peonil instalando un pasamáns.

O Sr. Núñez (BNG) pensa que hai que ter en conta que se investiron miles de euros neste campo e aínda así faltan cousas, como tamén faltan no Polideportivo, as canchas de tenis, ou a pista de ximnasia rítmica que non é axeitada. Tamén no rural fai falta unha infraestrutura mínima nas instalacións deportivas. Por todo isto como primeiro paso van a votar a favor da moción presentada polo PSOE.

Pola presidencia respóndese que vaise facer un estudio de deficiencias técnicas, e de acordo co criterio dos técnicos resolveranse, non obstante tomamos nota destas que se apuntan.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando cos votos a favor do PSdeG-PSOE e o BNG e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“rexeitamento da Moción do PSdeG-PSOE para que se subsanen as deficiencias técnicas que existen no Campo de Fútbol dos Carrís (A Valenzá)**

### **D- MOCIÓN DO PSdeG PARA QUE SE ACOMETA UNHA MELLORA INTEGRAL DA ZONA DO RIO BARBAÑICA NO QUE SE REFIRE A PARQUES INFANTÍS, LIMPEZA DO RÍO, MOBILIARIO URBANO E ADECENTAMENTO DO ENTORNO.**

A Sra. Presas procede á lectura da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O **Parque dos Patos** e en xeral o paseo do río Barbañica constitúe a imaxe máis representativa do Concello de Barbadás. E por este motivo debería ser un dos lugares sobre os que habería que actuar e mimar con unha maior intensidade.

Dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que levar a cabo actuacións de mantemento nesta área de esparcemento non ten un custo demasiado elevado. Hai que ter en conta que realizar tarefas exhaustivas de limpeza son necesarias porque resulta máis cá evidente que **tanto a zona dos Patos coma todo o paseo poderían estar máis coidadas**.

É acostumado ver imaxes de papeleiras rebordando, no río podemos atopar todo tipo de obxectos (bolsas de plástico, mangueiras, latas, botellas, restos de ferruxe, pelotas). **Este tipo de escenas son**



**inadmisibles para un concello da categoría de Barbadás** porque hai que ter en conta que por este lugar pasan a diario centos de persoas.

¿E qué podemos dicir da **zona onde se concentran as aves**? Ofrece unha imaxe certamente esperpéntica. Imaxínese vostede a unha persoa que visita por primeira vez esta área de recreo e o primeiro que atopa é un trozo de madeira que de forma improvisada sirve de sistema de acceso dos operarios que de cando en vez van mirar cómo está o lugar: resulta verdadeiramente **antiestético**. Pense nesta persoa allea que ve a unhas aves mortas coa fame, a uns paxaros que tentan acceder á súa casetiña e non poden porque **as escaleiras son só uns restos de madeira escachados**.

A proposta do PSdeG pasa por adoptar medidas de un xeito urxente e prioritario de cara á tempada primaveral. Calquera viandante que pasee pola zona pode comprobar a falta de limpeza ó atopar en calquera época do ano **silvas e restos de maleza** ou mesmo cando o cauce vai con moita auga acumulación de lodos mesturados con madeiras e outros restos de lixo.

As carencias son máis cá evidentes e un bo exemplo pasa pola **retirada hai uns meses do colector de vidro**, sen saber por qué motivos non se volveu pór no lugar no que estaba situado dende hai anos. As papeleiras están moitas veces a rebosar e non se sabe nin cada canto tempo son baleiradas. O **mobiliario urbano**, en concreto os **bancos** atópanse nun estado de abandono, motivo polo que dende o Grupo Socialista queremos plantexar que se proceda ó seu pintado, polo menos **unha vez por tempada**.

Hai ademais **lugares que poden ser certamente perigosos para os/as cativos/as que xogan e pasean pola zona**. Referímonos ó **rexiro** que se atopa situado ó entrar ó paseo dos Patos á esquerda e que se encontra nun estado de deterioro evidente, roto e fácilmente manexable para abrir ambas as dúas portas. Esta situación pode ser verdadeiramente arriscada, un motivo polo que esiximos que se tomen as medidas de seguridade pertinentes.

No que se refire ós **parques infantís**, temos que ter en conta que se trata dunha zona moi concorrida e atopamos numerosas deficiencias: hai un elemento de xogo roto e pode resultar perigoso para a integridade física das crianzas; o bambán dos cabalos tamén está estropeado e na única zona onde o **chan é de caucho**, a area do areiro colindante invade todo e perde a súa funcionalidade.

Outro dos aspectos relacionados coa seguridade pasa pola **existencia e farolas con cables ó descuberto**, polo cal pedimos que se subsanen estas deficiencias canto antes. Moi preto atópase a **pasarela do parque dos Patos**. Resulta preocupante ver que moitas **táboas** están **totalmente rotas**, coa perigosidade que isto implica para os viandantes. A vostedes parece que lles preocupa máis a



estética de cambiar as táboas dos laterais desta ponte de madeira que a integridade das persoas que camiñan polo lugar. ¿Están agardando a que alguén sufra un accidente e denuncie ó Concello de Barbadás?

E seguimos de paseo pola beira do río. E chegamos ó **barranco** situado ó carón do colexio, sobre o que **en reiteradas ocasións temos demandado unha actuación seria**. Entre as propostas constructivas que facemos dende o Grupo Socialista están o **arranxo do sendeiro** en condicións de accesibilidade e seguridade, a colocación dun pasamáns e que se dote de terra compactada á pista de acceso dende o paseo. Hai que lembrar tamén a necesidade de levar a cabo tarefas de desbroce e limpeza deste barranco, pois hai que ter en conta que en determinadas épocas do ano ten estado ateigado de ratas e mesmo culebras.

E non deixamos de falar de seguridade cando seguimos camiñando e case estamos **a piques de romper un pé ó atopar varios adoquíns rotos**. E volvémoslle lembrar que existe unha responsabilidade clara do Concello en caso de accidente.

Chegamos agora ó **parque do Muíño**, onde é preciso reparar a valla de madeira que está rota nalgún punto e en mal estado noutras zonas do valado e a **fonte** que está ó carón desta zona infantil non ten pulsador. E no seguinte parque, o que está enfronte do do tren hai dous elementos de xogo estropeados e inutilizados. Non abandoamos o percorrido para chegar a un dos **parque** máis populares, o **do tren**, no que falta dende hai meses un bambán.

E a guinda final pona o **parque situado debaixo da urbanización das Searas**, ó carón do río hai, nada máis e nada menos, que **4 bancos rotos**. Parece que este debe ser o depósito de bancos de refugallo. E voltamos a falar lamentablemente da **pasarela** famosa, onde a miña compañeira de Grupo estivo a piques hai un ano de romper unha perna. Pois ben, esta ponte sobre o río Barbañica leva semanas inutilizada e valada. Non sabemos se por danos estruturais da propia pasarela ou porque se está á espera de realizar algún tipo de reforma.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Proceder á limpeza do río Barbañica aproveitando o escaso cauce que hai n a actualidade.
- Levar a cabo unha intervención de limpeza e adecentamento do entorno onde viven as aves debido ó estado de abandono no que se atopa.
- Actuar dun xeito periódico no mantemento do mobiliario urbano (limpeza de papeleiras máis a miúdo e pintado dos bancos de todo o paseo polo menos unha vez por tempada).



- Instalar de novo o colector de vidro que durante anos estivo situado na entrada ó parque dos Patos.
- Adoptar as medidas necesarias para que o rexistro situado no principio do parque deixe de ser un elemento perigoso para os/as cativos/as que xogan pola zona.
- Substituír os elementos de xogo en mal estado nos diferentes parques da zona (dos Patos, do Muíño, o ubicado enfrente do parque do tren e neste último).
- Levar a cabo unha intervención para substituír as táboas en mal estado na pasarela situada nas inmediacións dos Patos.
- Planificar unha reforma na zona do barranco situado a carón do colexio Filomena Dato que pasaría pola habilitación dun sendeiro co pertinente pasamás. É necesario compactar a pista de acceso dende o parque, así coma o desbroce periódico do barranco.
- Que se substitúan os adoquíns rotos nos lugares onde existe unha clara perigosidade para os viandantes.
- No parque situado debaixo da urbanización das Searas rematar co estado de deterioro no que se atopa, arranxando a pasarela e cambiando os 4 bancos que están rotos.

O Sr. Núñez (BNG) precisa que estamos a falar do regato dos Muíños e quere facer unha defensa do nome tradicional do mesmo. Dito regato tivo agresións ambientais e a canle encheuse de sábreo, xa o denunciou o BNG así como tamén o levantamento das arquetas cando chove. Sinala que propostas coma estas xa as trouxo o BNG ao pleno en diversas ocasións e non están de acordo en que ese parque do patos sexa algo bucólico e idílico como o presentan pois non se respectou nel o coidado ao medio ambiente.

Pola presidencia respóndese que a primeira medida que fixo a concelleira de obras, foi revisar todas esas carencias e deficiencias polo tanto tomamos nota e xa estamos traballando no tema.

A Sra. Presas pregúntalle ao alcalde se asume o compromiso de levalo a cabo cara ao verán.

Pola presidencia respóndeselle que si, que a concelleira xa está con elo.

O Sr. Núñez incide en que non é necesario meter patos que non é unha especie autóctona da zona. Solicita a corrección da moción do nome empregado substituíndoo polo tradicional “regato dos muíños” o cal é aceptado polos presentantes da moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e os votos en contra do PP o seguinte acordo: **“Rexeitamento da Moción do PSdeG para que se acometa unha mellora integral da zona do regato dos Muíños no que se refire a parques infantís,**





limpeza do río, mobiliario urbano e amaño do entorno.

### E- MOCIÓN DO BNG DE SOLICITUDE DE RETIRADA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

O Sr. Fírvida procede á defensa da seguinte moción

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do Concello de Barbadás do mes de decembro de 2011, o grupo de goberno do PP apresentou a aprobación un novo Regulamento Orgánico Municipal coa suposta finalidade de establecer a organización e funcionamento dos órganos municipais do Concello de Barbadás e o estatuto dos membros da Corporación.

O Grupo Municipal do BNG de Barbadás manifestou durante o debate de aprobación do regulamento, as súas sospeitas de que o documento non estaba elaborado para regular o funcionamento dos órganos de goberno, senón para limitar a actuación política dos grupos da oposición, acotando intervencións nos plenos, limitando o acceso á información e dificultando a laboura política dos membros do pleno eleitos democraticamente pola cidadanía do concello.

Non fixo falla que transcurrise máis que un pleno para confirmar as sospeitas dos e da concelleira nacionalista de Barbadás.

Efectivamente, o regulamento, lonxe de “regular o funcionamento” dos plenos servíu para que o Sr. Alcalde de Barbadás mostrase a súa faciana máis antidemocrática e autoritaria.

Desta maneira e en base a unha interpretación retorticeira, interesada e arbitraria do regulamento, o Sr. Alcalde retirou a palabra a un concelleiro do grupo municipal do BNG.

Aliás, o documento regula igualmente cuestións relevantes que impeden ou coaccionan a participación democrática de representantes políticos e da veciñanza do concello.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción urxente dos seguintes

#### ACORDOS

- 1.- A inmediata retirada do Regulamento Orgánico Municipal aprobado polo goberno do PP de Barbadás.
- 2.- A creación dunha comisión mixta formada por representantes dos grupos con representación política no concello, de representantes dos traballadores municipais e de representantes das Asociacións de Veciños e Veciñas legalmente constituídas do Concello para garantir unha



participación plural e democrática.

Sinala o voceiro que o regulamento vixente conculca os dereitos da oposición. É autoritario e despótico. No procedemento da súa elaboración non se buscou chegar a acordos coa oposición para velar polo funcionamento democrático do órgano supremo de representación popular e soberano que é o pleno. Limitábase o número de mocións a presentar pola oposición; non se acepta as solicitudes de plenos mensuais e que estes sexan pola tarde para implicar maiormente á cidadanía; a limitación de tempos non foi consensuada, etc..... Isto supón unha degradación da calidade democrática. Nós reclamamos unha maior colaboración no establecemento das regras das sesións; non se poden impoñer esas condicións. Finalmente están a favor do diálogo, a transacción, e acordo e se reitera na solicitude de retirada do regulamento orgánico municipal.

O Sr. Valcárcel entende que o ROM é un instrumento interesante pero non imprescindible e entende que é necesario o consenso para a súa elaboración. Presenta a súa queixa porque a oposición non puido aportar suxestión. E tamén se queixa de que tamén ós diferentes axentes sociais non se lles expuxo o texto antes da aprobación. Acatamos o ROM pero non estamos de acordo con el, nin con todos os aparatos de medición que están sobre a mesa. Pídelle ao alcalde que presente outro regulamento para que o consensuemos, recoñecemos os nosos erros e desexamos un regulamento para todos.

Pola presidencia respóndese: este ROM non se retira porque xa está aprobado definitivamente. Non debe ser tan malo cando o Concello de Ourense teno como referencia. De feito está surtindo efecto porque estamos tendo as sesións máis pacificamente. Hai que buscar o sentido común e a cordura na aplicación pero todo require nesta vida unha organización.

O Sr. Fírvida: podo entender que o alcalde intentase regular os plenos pero vostede xa tiña na man a facultade de ordenar as sesións, e co sentido común non sería necesario o ROM.

O Sr. Valcárcel solicita ao alcalde que retire este regulamento e que o someta a consenso. Solicita que faga un alarde boa vontade e retire os reloxos da mesa.

Sen máis sométese o asunto a votación cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da Moción do BNG de solicitude de retirada do Regulamento Orgánico Municipal**



### F- MOCIÓN DO BNG SOBRE A MELLORA DA RÚA TOMÁS RODRÍGUEZ PUNXÍN

O Sr. Serafín Núñez procede á lectura e defensa da moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- A situación na que se encontra a rúa Tomás Rdguez. Punxín é certamente lamentable, xa que aínda que é unha rúa de sentido único, permítese o estacionamento en ambos lados da mesma, polo que os viandantes teñen moitas dificultades para percorrela, xa que deben sortear coches estacionados; coa complicación engadida da ausencia de beirarrúas en moitos treitos da mesma.

A proximidade do CEIP Filomena Dato, fai que esta rúa en certos momentos do día, sexa moi transitada polo alumnado do mesmo, que ten graves problemas para dirixirse ao colexio.

A existencia de varios negocios “O Peixe-peixe”, “talleres Hector” que se encontran nunha situación de precariedade si se comparan cos que están ubicados noutras rúas mellor adecentadas. Aínda que todos paguen impostos, nalgúns casos semella que non sexa así, xa que á falta de beirarrúas súmase a inexistencia da regulación dos estacionamentos, a precariedade da iluminación pública, etc.

Soporta esta rúa unha circulación importante, xa que é un claro vial de saída cara Ourense, o Carrefour, etc, sen que exista unha mínima regulación da circulación viaria. Polo que as imprudencias das velocidades excesivas están a orde do día e que, dun xeito definitivo, rematarían si se executaran as propostas que se inclúen na parte dispositiva desta moción (poño por caso, a concreción dun paso peóns elevado, debidamente sinalizado, como os que se instalaron noutras rúas do concello).

Por todo o exposto, o **BNG de Barbadás** solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción urxente dos seguintes

#### ACORDOS

1º) Que se proceda coa celeración debida á realización dun proxecto no que se plantexe a correcta urbanización rúa Tomás Rdguez. Punxín ( coa construción de beirarrúas pola banda dos números impares da mesma e que tamén debera incluír unha mellora do firme e de iluminación).

2º) Que no mesmo proxecto se concrete a instalación dun paso de peóns elevado, (debidamente sinalizado hozitontal e verticalmente).

3º) Execución, en todo caso, de todas aquelas medidas de seguridade viaria que considere a autoridade na materia.



Sinala o voceiro nacionalista que debería existir un plan de obras municipais pero como non o temos a oposición ten que traer iniciativas sobre rúas concretas.

A Sra. Presas afirma que en xullo de 2008 o seu grupo xa trouxo este tema ao pleno. Solicita tamén a eliminación do paso de peóns na saída dun garaxe.

Pola presidencia respóndese: estase a facer un proxecto para esa rúa e para a rúa do Viso. Tomamos notas das achegas da oposición e farémolo neste ano.

O Sr. Núñez solicita que sexa a Policía Local a que determine as necesidades e as medidas a adoptar.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“1º) Que se proceda coa celeración debida á realización dun proxecto no que se expoña a correcta urbanización rúa Tomás Rguez. Punxín (coa construción de beirarrúas pola banda dos números impares da mesma e que tamén deba incluír unha mellora do firme e de iluminación).**

**2º) Que no mesmo proxecto se concrete a instalación dun paso de peóns elevado, (debidamente sinalizado horizontal e verticalmente).**

**3º) Execución, en todo caso, de todas aquelas medidas de seguridade viaria que considere a autoridade na materia.”**

### PARTE DE CONTROL

#### **7.- DACION DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**

A Corporación queda enterada das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a sesión anterior.

#### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Sra. González

- Solicita información sobre a obra das Lamas, o que se lle resposta que ten un orzamento de 82.000 € dos cales o 60% aportando o Concello e o 40% o GDR e que estamos traballando no prego para a adxudicación.

- Denuncia a pista do barro nas Lamas: está en condicións lamentables. Deben ir os técnicos a analizar a situación. Haberá que sinalizar porque moitos viandantes son persoas maiores e hai moitos coches.



Sr. Fírvida.

- Pregunta sobre o rótulo que pon bombeiros e a vestimenta coa mesma denominación que levan os membros de Protección Civil.

Sr. Valcárcel

- Pregunta polo estado do estudio técnico que se ía elaborar como consecuencia da aprobación da moción sobre seguridade viaria.

Sra. Victoria

- Roga que se coloque a marquesiña xunto o bar de Parada
- Pregunta se xa pediu a marquesiña do Hospital de Piñor e se está colocada a luz do canellón do Piñeiro.
- Pide que se coloque un resorte na porta do Centro Social de Piñor e que se repoña un cristal que está roto
- Roga que os concelleiros que se dirixan á veciñanza respecten o idioma e a ortografía
- Pregunta canto custou o entroido e se houbo bases para o concurso
- Pregunta que se vai facer no camiño da Chouciña e o Sr. Alcalde respóndelle que en principio dicíase de facer unha escaleira e logo unha rampla e quedaron os veciños de dar-me unha resposta do que consideraban mellor.
- Pregunta se existe rexistro de parellas de feito no Concello o que se lle resposta que en principio si, pero que agora ten que facerse dende a Xunta.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 13:20 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



## CONCELLO DE BARBADÁS

---

